


ESTRATEGIA GALICIA DIXITAL 2030 - BALANCE 2021


Tras o traballo levado a cabo no seo das dúas anteriores axendas dixitais, o ano 2021 supuxo o comezo da andadura da Estratexia Galicia Dixital 2030, folla de ruta rexional para a consecución dos seus obxectivos de desenvolvemento en materia de dixitalización.


A Estratexia estrutúrase a través de 7 eixos estratéxicos e un transversal, centrado na promoción da especialización tecnolóxica do territorio, no seo dos cales leváronse a cabo importantes actuacións enfocadas a consolidar a transición dixital de Galicia.




EIXE 1 | GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE


 O **95,5%** dos **procedementos** da guía de procedementos e servizos contan xa coa **presentación electrónica** habilitada na **Sede electrónica** da Xunta de Galicia.


 Aprobación do **Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público** para a adaptación do equipamento e medios actuais ao teletraballo.

 Posta en marcha do **III Plan Tecnolóxico da Administración de Xustiza de Galicia. Senda 2025**, para a virtualización dos servizos xudiciais.

 Aprobación da **Estratexia Cloud do sector público autonómico** para o impulso na administración do uso da tecnoloxía na nube.

EIXE 2 | SOCIEDADE DIXITAL E INCLUSIVA

 Aprobación do **Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega (2022- 2025).**

 Publicación do Decreto que regula o **Marco galego de competencias dixitais** e a nova certificación galega en competencias dixitais.

 **Programa Abalar**

546
Centros
educativos
participantes





Implantación do
libro
electrónico en
3º e 4º da ESO

55.000
equipos para
alumnado

5.500
equipos para
profesorado

EIXE 3 | ENTORNO DIXITAL PARA A SAÚDE E O BENESTAR SOCIAL

 A **Plataforma TELEA**, seleccionada no 2021 pola Comisión Europea como **boa práctica**, é un sistema de telemonitorización que relaciona pacientes e profesionais dixitais a distancia.

 Activación do sistema **Passcovid.gal** co fin de apoiar a xestión da crise sanitaria.



Posta en marcha da aplicación **Sergas Móbil** para a integración de todos os servizos dixitais do Servizo Galego de Saúde.



A **aplicación AsisT.gal**, recoñecida na **XII edición dos premios SENDA**, facilita ás persoas maiores ou con necesidades especiais un contacto constante a través do móbil coa rede de servizos sociais e coidadores.

EIXE 4 | TERRITORIO INTELIXENTE, VERDE E RESILIENTE



Desenvolvemento da **Plataforma Galicia Territorio Intelixente**, instrumento de xestión integral de información do territorio.



Dotación de **11 espazos con solucións tecnolóxicas** en enclaves naturais galegos ao abeiro do **Plan de Promoción e posta en valor do Patrimonio natural de Galicia**.



Elaboración do **Plan de Modernización Tecnolóxica no eido do urbanismo**.



Posta en marcha do **novo portal do Parque Nacional das Illas Atlánticas**.



Iniciación de **Agro 4.0**, para a creación dunha plataforma de información agraria.



Ampliación da **Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia**, que conta con unha **cobertura visual do 60% do territorio** a través de 122 cámaras de altas precisión.



Continuación do proxecto **Lonxas Galegas 4.0**, acadando as 35 lonxas e confrarías con sistemas dixitalizados.

EIXE 5 | CONECTIVIDADE DIXITAL DO TERRITORIO



Mellora da cobertura móbil do rural **Plan de Banda Larga 2020**.



Dotación de **>100Mbps por fibra óptica** banda larga ultrarrápida

181 concellos | **74.000** veciños beneficiados

12ME de fondos públicos investidos

Mellora e desenvolvemento da cobertura móbil no rural **3.7ME**

de orzamento para dotación de equipamento radio



Actuacións no seo do **Plan de Modernización Tecnolóxica da mobilidade en Galicia (e-Mobility)**.



Desenvolvemento da tarxeta **Xente Nova virtual**.

EIXE 6 | CULTURA E TURISMO INTELIXENTE



Posta en marcha da **canle de difusión do Camiño de Santiago ¡Buen Camino!** Na plataforma Google Arts&Culture.

15 Visitas virtuais 360° streetview



108 Exposicións dixitais

4.750 Fotografías



Nova campaña do **Bono Turístico #QuedamosEnGalicia**, tramitada integramente de xeito dixital.

1.000 Paquetes turísticos personalizados

12.300 Persoas beneficiarias



Xestión do patrimonio galego co impulso da **dixitalización de fondos** dispoñibles en **Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia**.

EIXE 7 | ECONOMÍA DIXITAL E SOSTIBLE



Posta en marcha da **oficina virtual para empresas do Servizo Público de Emprego de Galicia**, permite a mecanización telemática da oferta de traballo entre xestorías e empregadores.



Continuación no desenvolvemento da **Plataforma Petisgo**, de contidos audiovisuais para a aprendizaxe interactiva.



Iniciouse o proxecto de **trazabilidade intelixente de produto Galicia Calidade** empregando tecnoloxía blockchain, e desenvolveuse o **Marketplace Galicia Calidade**, un espazo de venda oficial para poñer en contacto a produtores e consumidores.

Convocatorias de dixitalización para industria e empresa 2021

Programa Principia

37 empresas
2 organismos de investigación

Programa Talento Sénior

+ 294.000 € en axudas
4 entidades

Programa Reacciona

107 empresas
4 convocatorias

Programa Industrias do Futuro 4.0

+ 166.000 € subvencionados
1 entidade

Obradoiros e axudas á dixitalización Industria 4.0

232 axudas concedidas
20 obradoiros subvencionados

**Cheques
dixitalización
COVID 19**
992
axudas
concedidas

EIXE TRANSVERSAL | ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA



Aprobación da **Estratexia Galega de Intelixencia Artificial (EGIA)**, folia de ruta para impulsar unha IA punteira.



Inicio da actividade no **GaiásTech**.



Posta en marcha no novo **mapa de capacidades TIC de Galicia**



Preparación e difusión do **GaiásTech Virtual** e activación do **GaiásTech Cloud**.



Constitución da **Rede de Nodos de Especialización Tecnolóxica de Galicia**, coa posta en marcha no nodo de 5G e do nodo de ciberseguridade, CIBER.gal. Proximamente activarase o nodo de Intelixencia Artificial.




Novo catálogo de actividades 2021/2022 do **Plan de Promoción do Talento Dixital de Galicia**, en colaboración cos axentes do ecosistema Dixital.



Posta en marcha do **ecosistema GobTech en Galicia**, que busca a participación de start-ups e pemes na xeración de produtos e servizos tecnolóxicos baseados en tecnoloxías disruptivas.

Axudas á especialización tecnolóxica

- **Programa de consolidación:** 569.000€
- **Unidades Mixtas de Investigación:** 152.600€
- **Programa IGNICIA:** 151.000€ de dotación, 7 proxectos seleccionados en 5 centros de coñecemento.





IMPACTOS PRODUCIDOS

A posta en marcha das actuacións contempladas nos distintos eixes da Estratexia produce unha serie de impactos no territorio que contribúen a aumentar o seu nivel de madurez tecnolóxica e propician o crecemento socioeconómico da rexión.

 **104.110**
persoas usuarias da
Rede CeMIT

35,1% Competencias avanzadas

26,5% Competencias básicas



O **61,6%** dos galegos e galegas contan con **competencias dixitais**, cando menos, básicas.

+ 25.900
persoas empregadas
no hipersector TIC



7.930
ocupados máis de media
anual no período 2021-2027

A **taxa de emprego** do Sector TIC respecto ao total de ocupados é de **1,9%** no ano 2021.



Incrementáronse nun **7,2%** as **afiliacións á Seguridade Social** no Sector TIC galego, acadando os **20.740 traballadores** no ano 2021.

INVESTIMENTO MOBILIZADO

304.878.927,43€ de investimento no 2021, dos que case 113M€ corresponden á mobilización de capital privado

